

CIRCULAR Nº 1/2021

SUBMEDIDA M10.2.2

APOIO A CONSERVACIÓN, USO E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DOS RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA

REV.	DATA	Folla/s modificadas	CAUSA DO CAMBIO
0	11/04/2016	0	Doc. Inicial: 0
1	08/02/2017	3,10,11	Adaptación a Orde de 26 de febreiro de 2015
2	20/02/2018	3, 10, 15	Adaptación R de Ejecución (UE) 2017/1242 Actualización
3	05/03/2019	3, 10, 11, 17, 18	Actualización
4	14/02/2020	3	Actualización
5	18/02/2021	3	Actualización

Editado por César Iglesias Vázquez
Revisado por Víctor Novo Vázquez
Aprobado por Nicasio Mejuto Martí
Santiago de Compostela
Documento asinado dixitalmente



I. OBXECTIVOS

Conforme establece o **Plan Marco de Conservación de Recursos Xenéticos na Agricultura**, aprobado por Resolución da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e presentado ante a Autoridade de Xestión do PDR, os obxectivos serán:

- A preservación, **conservación e utilización** dos recursos **Fitoxenéticos** tanto **ex situ, in situ** como **on farm**.
- Localización e caracterización de variedades autóctonas.
- Multiplicación de estas variedades en **Centros de Investigación propios** ou **concertados** para a **obtención de material de base**.
- Fomento e inclusión de producións agrícolas autóctonas en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente, **a través de melloradores ou grupos de mellora**.
- Incremento dos ingresos no medio rural, mediante a achega **de material vexetal local de calidade e sanidade contrastada**, conforme a norma aos **operadores profesionais** para a posta no mercado, de produtos agrarios diferenciados e cun maior valor engadido.
- Satisfacer a crecente **demanda social de conservación medioambiental**.
- **Crear** e actualizar convenientemente, **unha base de datos, a través de norma**, daquelas **caste locais, incluídas as de valor agronómico en risco de erosión xenética**.
- **Promover actividades complementarias**: informativas, divulgativas, de asesoramento, cursos de formación e elaboración de informes técnicos nas que poidan **participar tamén Melloradores ou Grupos de Mellora como Entidades Colaboradoras**.

II. SOLICITUDES

1. Modelo.

A solicitude deberá relacionar as **actuacións** que se propoñan levar a cabo, no ámbito da mellora dos recursos xenéticos en risco de erosión, tal como figura no **apartado IV desta Circular**.

As **actuacións** deben recollerse no modelo normalizado que acompaña como **Anexo I** a esta **Circular**.



2. Prazo de presentación.

As propostas de actuación deberán enviarse á Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias, **ata o día 22 de marzo de 2021**, co número e data do rexistro, tanto en soporte de papel como por correo electrónico, seguindo as pautas indicadas nesta circular.

Non se aprobará ningunha proposta da que non se recibira a documentación, debidamente cumprimentada, na data fixada.

3. Condicións de admisibilidade

As propostas **deberán respectar** o “**Plan Marco de Conservación de Recursos Xenéticos na Agricultura**”, así como as especificacións da **submedida M10.2.2 do PDR de Galicia 2014-2020**, en particular, **estar en conformidade** coas “**Condicións especificadas de admisibilidade**”, nas que serán elixibles, soamente, as iniciativas de recuperación, preservación ou consolidación dos recursos xenéticos agrícolas, autóctonos de Galicia, necesarios e orientados a prover a súa comercialización, como elemento clave de conservación.

III. BENEFICIARIOS

Serán beneficiarios a **Administración autonómica**, na súa calidade de promotora directa así como **os seus Entes Instrumentais**, definidos no **Plan Marco de Conservación de Recursos Xenéticos na Agricultura**, que participarán como axentes executores dos proxectos orientadas á conservación e preservación de recursos xenéticos agrícolas en risco de erosión, autorizados, **que poderán, no seu caso**, establecer fórmulas de colaboración con **entidades colaboradoras (definidas no Plan Marco)**, no que o seu ámbito de acción sexa a conservación e potenciación dos recursos Fitoxenéticos.

IV. EXECUCIÓN DO PLAN MARCO: TIPOLOXÍA DE ACTUACIÓNS

As actuacións da Consellería do Medio Rural para a conservación e o fomento dos recursos fitoxenéticos en risco de erosión en Galicia son:

1.1. Promover ou apoiar o mantemento “*on farm*” de variedades tradicionais.



A conservación “*on-farm*” (en finca) e a conservación *in-situ* de variedades locais, sendo por tanto, unha particularidade desta.

A conservación “*on-farm*” de variedades locais parece pouco viable se non se realiza cun enfoque de utilización. Neste sentido, o desenvolvemento de sistemas agrícolas sen grandes insumos, máis respectuoso co medio ambiente e máis diversificados, e en consecuencia máis “sostibles”, ofrece boas expectativas para revalorizar e preservar a diversidade xenética contida nos cultivares tradicionais, especialmente adaptados a este tipo de agricultura.

Así mesmo, as variedades locais poden ofrecer unhas características de calidade organoléptica en canto á diversidade de sabores, aromas, aspecto, etc., que son valoradas cada vez máis positivamente, a lo menos nun sector da poboación dentro do mundo desenvolvido.

1.2. Indicadores fidedignos de erosión xenética.

Revisando á xeneoloxía de moitos dos cultivares modernos de millo, trigo, etc. veremos que a base xenética de todos eles é estreita, e moitos dos seus xenitores son comúns. Á agricultura “pretecnolóxica” favorece a diversidade de cultivos, a súa rotación, e incluso a variabilidade dentro dun mesmo cultivo; contrariamente a agricultura actual, en xeneral, favorece o monocultivo de grandes superficies con variedades uniformes. Isto en Galicia é menos acusado.

En definitiva o acervo xenético do que a Humanidade depende para a súa alimentación reduciuse drasticamente por procesos progresivos de erosión xenética. Por iso, no ámbito agrario non é tarefa sinxela a determinación fidedigno do proceso de erosión xenética dunha poboación, unha variedade ou unha especie cultivada.

Para poder determinala, unha forma é a de acudir á utilización de estimadores que midan de forma indirecta a posible perda de erosión xenética referida a unha variedade local, no ámbito agrario.

Estes indicadores son:

1.2.1. Disponibilidade de Xermoplasma:

1.2.1.1. Recursos conservados “*in situ*”:

- Inventario Nacional de Recursos Fitoxenéticos (CRF-INIA)
- Coleccións do CRF

1.2.1.2. Recursos conservados “*ex situ*”:

- Institucións que manteñen coleccións en campo (froiteiros, vide, hortícolas, cereais, millo) con necesidades de rexeneración e



saneamento (pragas e enfermidades, así como outros axentes que supoñan unha ameaza urxente), para poñelas a disposición do sector a través de campos de pés nai. Pódense facer estimacións da conservación nos bancos, tendo en conta os arquivos históricos (por exemplo, en froiteiras de carabuña no CIAM, presente nos anos 80 e desaparecidos practicamente na actualidade, menos a cerdeira). Disponibilidade a viveiros e produtores de sementes.

1.2.2. Evolución estatística do cultivo:

- En superficie (Ha)
- En produción (T)
- En Importacións (Tm)
- Consumo (€/1000Kg)
- Disponibilidade para o Consumo

1.2.3. Valor comercial do xermoplasma local.

- Inclusión en D.O ou IXP.
- Existencia de feiras, asociacións ou agrupacións relacionadas coas variedades locais.
- Produción en diferentes categorías de plantas de viveiro, certificada ou standard.

1.3. Relacións dos Centros Institucionais con melloradores ou grupos de mellora.

Promover a través dos Centros Institucionais capacitados para levar a cabo programas deste Plan Marco, programas propios de mellora dalgún dos cultivos tradicionais de Galicia, en colaboración con melloradores ou grupos de mellora (D.O. e I.X.P), daquelas variedades locais de actitude comercial.

1.4. Marcadores fenotípicos e morfolóxicos, desenvolvidos polas Institucións.

Debido ao avance das técnicas dispoñibles, nos casos en que se teñan plenamente desenvolvidos os sistemas de marcadores moleculares para as variedades autóctonas en perigo de extinción a potenciar, utilizarase prioritariamente esta para, entre outras cousas, detectar introgresións de material foráneo que poidan alterar as poboacións locais, por exemplo, o caso de posibles intromisións de millo transxénico en España, ou os castiñeiros asiáticos nas poboacións de castiñeiro europeo, etc.



No caso de que non se teñan estes marcadores moleculares, promoveranse programas para poder desenvolvelos, e si fose de alcance, con trazabilidade certificada das técnicas desenvolvidas, como garante da súa futura transversalidade.

- O fomento e a inclusión de producións agropecuarias autóctonas en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente.
- A mellora na conservación e utilización dos recursos fitoxenéticos de Galicia sobre o noso territorio.
- O incremento dos ingresos no medio rural, mediante o desenvolvemento e establecemento de produtos agrarios cun maior valor engadido.
- O establecemento de incentivos para o mantemento da poboación no medio rural.
- Satisfacer a crecente demanda social de conservación medioambiental.

V. CUSTOS SUBVENCIONABLES DAS ACTUACIÓNS E PORCENTAXE DA AXUDA.

1. Custos subvencionables:

Poderán ser subvencionables, a través das actuacións descritas e segundo o establece o propio PDR para a Medida M10.2, as seguintes actuacións:

- a) **Focalizadas:** aquelas que fomenten a conservación in situ e ex situ, a caracterización, a recompilación e a utilización dos recursos xenéticos en agricultura.
- Custos de conservación de recursos en bancos de xermoplasma, tales como cámaras frigoríficas de conservación de sementes, plantacións de bancos clonais ou varietais e as actividades asociadas á renovación dos ditos bancos.
 - Custos asociados á caracterización fenotípica, xenética e agronómica dos recursos fitoxenéticos, ben mediante marcadores xenéticos moleculares e ensaios en campo ou en laboratorio para avaliar os caracteres de interese.
 - Custos asociados ao inventario, documentación e depuración dos recursos nos bancos de xermoplasma.



- Custos asociados aos tests fitosanitarios e ao mantemento dun axeitado estado sanitario nos bancos clonais e de castes.
 - Custos de identificación e recompilación de novas variedades, así como a súa incorporación aos bancos de xermoplasma.
 - Custos de instalación de réplicas ou de novas plantacións clonais ou de castes.
- b) **Concertadas:** aquelas que fomenten o intercambio de información entre organizacións competentes dos Estados membros de cara á caracterización, conservación, recompilación e utilización dos recursos xenéticos na agricultura.
- Custos de deseño e actualización de páxinas web de cara a dar a coñecer os recursos existentes.
- c) **De acompañamento:** aquelas divulgativas, informativas e de asesoramento, cursos de formación e elaboración de informes técnicos.
- Publicacións sobre os recursos xenéticos existentes.
 - Informes técnicos sobre caracterización, avaliación e recompilación dos recursos fitoxenéticos.
 - Xornadas divulgativas, asistencia a cursos, etc.



2. Porcentaxe da axuda:

A **intensidade** da axuda será do **100% dos gastos subvencionables**, en aquelas actuacións executadas pola Administración ou os seus Entes Instrumentais.

Para o **resto de beneficiarios**, será do **80% dos gastos subvencionables**.

VI. SELECCIÓN E AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS

De acordo co establecido no artigo 49.2 do Regulamento (UE) 1305/2013 **só se definirán os criterios de selección si os fondos dispoñibles son insuficientes** para cubrir os posibles beneficiarios.

Os **criterios de prioridade están** descritos e xustificados no Plan Marco de Conservación de Recursos Xenéticos en Agricultura, para a Submedida M10.2.2, estes son:

BASE A. PROMOVER OU APOIAR EN MANTEMENTO “ON FARM” DE VARIEDADES TRADICIONAIS. (máx. 20 puntos):

1. Entendendo por variedades autóctonas de valor agronómica a.. (máx. 10 puntos):

- Aquelas das que se realizaron ensaios agronómicos. **(5 puntos)**
- Aquelas que sexan utilizadas comercialmente, aínda sen ensaios agronómicos previos. **(3 puntos)**
- Aquelas das que haxa un número de individuos ou unha área ocupada “*ex situ*” e/ou que haxa un número de bancos de xenes “*in situ*”. **(2 puntos)**

2. Entendendo a medición da erosión xenética como.. (máx. 10 puntos):

- Se presentan Indicadores fidedignos de Erosión Xenética **(10 puntos)**
- Se non presentan Indicadores fidedignos de Erosión Xenética **(0 puntos)**

BASE B. INDICADORES FEHACIENTES DE EROSIÓN XENÉTICA (máx. 20 puntos):

1. Dispoñibilidade de xermoplasma (10 puntos):

- Recursos conservados “*in situ*” (5 puntos)
- Recursos conservados “*ex situ*” (5 puntos)

2. Evolución estatística do cultivo (5 puntos):



- Preséntanse datos de superficie (Ha) **(1 punto)**
- Preséntanse datos de produción (T) **(1 punto)**
- Preséntanse datos de Importacións (Tm) **(1 punto)**
- Preséntanse datos de consumo (€/1000Kg) **(1 punto)**
- Preséntanse datos de dispoñibilidade para o consumo **(1 punto)**

3. Valor comercial do xermoplasma local (5 puntos):

- Inclusión en D.O **(3 puntos)**
- Inclusión en IXP. **(2 puntos)**
- Existencia de feiras, asociacións ou agrupacións relacionadas coas variedades locais. **(1 punto)**
- Producción en categorías de plantas de viveiro ou só Standard. **(1 punto)**

BASE C. RELACIÓNS DE CENTROS INSTITUCIONAIS CON MELLORADORES OU GRUPOS DE MELLORA (D.O e I.X.P) (máx. 10 puntos):

- Inclusión en D.O **(10 punto)**
- Inclusión en IXP. **(5 puntos)**

BASE D. MARCADORES FENOTÍPICOS E MORFOLÓXICOS, DESENVOLVIDOS POLAS INSTITUCIÓNS (máx. 50 puntos):

- Se posúen menos de 5 variedades propostas con marcadores moleculares. **(10 puntos).**
- Se posúen entre 5-10 variedades propostas con marcadores moleculares. **(20 puntos).**
- Se posúen máis de 10 variedades propostas con marcadores moleculares. **(50 puntos).**

Unha Comisión de Selección, avaliará as solicitudes presentadas ao abeiro da presente Circular. Dita Comisión, estará formada polo subdirector xeral de Explotacións Agrarias, que actuará como presidente, o xefe de servizo de Sanidade e Producción Vexetal, que actuará como vogal, outro vogal técnico designado para tal efecto, e un funcionario do servizo de Sanidade e Producción Vexetal, que actuará como secretario.



VII. CONTROIS

Os controis da submedida M10.2.2, recollida no artigo 28 do Regulamento 1305/2013, encadradas dentro das “medidas de desenvolvemento rural **non** establecidas no ámbito do sistema integrado” do período 2014/2020, levaranse a cabo conforme o establecido no Regulamento de execución (UE) 2017/1242 da Comisión do 10 de xullo de 2017 que modifica o Regulamento 809/2014 da Comisión de 17 de xullo de 2014, no Plan de Controis Galego e na Circular **8/2018** e coordinación, que substitúe a Circular 22/2015, publicada pola Unidade: “**Subdirección General de Sectores Especiales**”, que será de aplicación a nivel nacional para tódalas solicitudes de axuda e de pago das medidas de desenvolvemento rural **non** establecidas no ámbito do sistema integrado.

Os controis de gastos e admisibilidade dos mesmos, deberán cumprir o establecido nas Circulares:

AX05 2014_2020 de ELIXIBILIDADE DOS GASTOS,

AX06 2014_2020 de XUSTIFICACIÓN DO GASTO E PAGO NAS AXUDAS EN FORMA DE REMBOLSO DE CUSTOS SUBVENCIONABLES,

AX07 2014_2020 de ENCOMENDAS DE XESTIÓN

Os controis administrativos das solicitudes de axuda incluírán entre outras cousas, a comprobación en canto a moderación dos custos propostos, que se avaliarán mediante un sistema adecuado, preferentemente usaranse os custos de referencia e a comparación de ofertas diferentes.

En determinadas operacións ligadas ao terreo (inversións en infraestruturas, desbroces, etc.) levantarase “**Acta de Non Inicio**” (**ANEXO IV**) para que conste a evidencia de que a mesma non se tivera iniciado, incluíndo a inserción dunha fotografía, que será obrigatoria, a excepción daqueles proxectos que por causas xustificadas (p.e.: Intanxibilidade), fora imposible a realización da mesma.

VIII. FINANCIAMENTO E PROPOSTAS DE APROBACIÓN E PAGAMENTO

1. Financiamento:



As actividades contempladas nesta Circular, serán imputadas ao capítulo VI na Aplicación Orzamentaria para o **2021 14. 04. 713c. (Recuperación e difusión de castes autóctonas)**:

- No concepto **628.0** Proxecto: **2016 00190** (Conservación de recursos xenéticos en agricultura, agroambiente e clima), cun crédito dispoñible nos Orzamentos Xerais de Galicia, publicados mediante Lei 3/2021, de 28 de xaneiro de 2021.
- No concepto **640.1** Proxecto: **2016 00190** (Conservación de recursos xenéticos en agricultura, agroambiente e clima), cun crédito dispoñible nos Orzamentos Xerais de Galicia, publicados mediante Lei **3/2021, de 28 de xaneiro, de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia para o ano 2021.**

A Medida está cofinanciada polo FEADER nun 75%, MAPAMA 7,5% e XUNTA DE GALICIA 17,5%.

2. Proposta de aprobación:

A proposta de aprobación poderá ser bianual, conforme ao estipulado no artigo 58, punto 1, apartado a), do **Texto refundido de la Ley de régimen financiero y presupuestario de Galicia Decreto Legislativo 1/1999.**

As facturas deben reunir os requisitos establecidos nos art. 6 e seguintes do **“Real Decreto 1619/2012**, de 30 novembro de 2012 (BOE núm. 289 do 1 de decembro) polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación.

A entrada de facturas electrónicas así como a súa tramitación será de aplicación conforme a ORDE do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Solicitud de pagamento:

O custo total da actuación debe recollerse no modelo normalizado xunto coa memoria explicativa das actuacións realizadas e os resultados obtidos que acompaña como **Anexo II** a esta **Circular**, ademais deberá achegarse o **Anexo III** de non ter solicitado e/ou concedido outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos do mesmo.



ANEXO I

SOLICITUDE DE ACTUACIÓN DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2021

Nº DE PROTOCOLO^(*)	
--------------------------------------	--

(*) A encher polo SXEA

1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

2.- ENTIDADE SOLICITANTE						
Centro Institucional/Entidade Colaboradora:						
Enderezo:						
<table border="1" style="width: 100%;"> <tr> <td style="width: 33%;">C. Postal:</td> <td style="width: 33%;">Concello:</td> <td style="width: 33%;">Provincia:</td> </tr> <tr> <td>Telf.:</td> <td>Fax:</td> <td>Correo electrónico:</td> </tr> </table>	C. Postal:	Concello:	Provincia:	Telf.:	Fax:	Correo electrónico:
C. Postal:	Concello:	Provincia:				
Telf.:	Fax:	Correo electrónico:				

3.- XUSTIFICACIÓN DA ACTUACIÓN PROPOSTA
Ano 2021:



4.- OBXECTIVOS DA ACTUACIÓN PROPOSTA

Ano 2021:

5.- METODOLOXÍA

Ano 2021:



6.- PLAN DE DIVULGACIÓN

Reunións:

Ano 2021

Cursos:

Ano 2021

Demostracións:

Ano 2021:

Publicacións:

Ano 2021

Outros:

Ano 2021



7.- ORZAMENTO		
ORZAMENTO SERVIZOS 2021		
Concepto	Orzamento parcial (€)	
ORZAMENTO SUMINISTROS 2021		
Concepto	Orzamento parcial (€)	Partida 2020 (€) ⁽¹⁾
Orzamento total (€)		
ORZAMENTO 2022		
ORZAMENTO SERVIZOS		
Concepto	Orzamento parcial (€)	
ORZAMENTO SUMINISTROS		
Concepto	Orzamento parcial (€)	
Orzamento total (€)		

8.- DATA E SINATURA DO SOLICITANTE
<p>En _____, ____ de _____ de 2021</p> <p>O/A responsable da unidade solicitante</p> <p>Asdo.: _____</p>

(1)Accións levadas a cabo no ano anterior e partidas que se repiten na convocatoria en curso, xustificar en todo caso



ANEXO II

SOLICITUDE DE PAGO DAS ACTUACIÓN S DA SUBMEDIDA M10.22 DE CONSERVACIÓN DE RECURSOS XENÉTICOS NA AGRICULTURA/CULTIVOS-CASTES AUTÓCTONAS 2021



Don....., con DNI:, en calidade de, e en representación de....., solicita o pagamento do importe de.....€ pola actuación aprobada “.....”. para o ano....., e para que así conste, o asino

DATA E SINATURA DO SOLICITANTE

En _____, ____ de _____ de 20__

O/A responsable da unidade solicitante

Asdo.: _____



ANEXO III

DECLARACIÓN DE NON TER SOLICITADO E/OU CONCEDIDO OUTRAS AXUDAS PARA ESTE
MESMO PROXECTO OU CONCEPTOS DO MESMO

1.- ACTUACIÓN PROPOSTA

2.- ENTIDADE SOLICITANTE		
Centro Institucional/Entidade Colaboradora:		
Enderezo:		
C. Postal:	Concello:	Provincia:
Tfn:	Fax:	Correo electrónico:

3 PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

A. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os que se solicita esta subvención, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE

B. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a continuación se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

C. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.

D Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

En _____, a _____ de _____ 20_____

O/A responsable da unidade solicitante

Asdo.:



ANEXO IV

ACTA DE NON INICIO

EXPEDIENTE Nº _____

1.-DATOS SOLICITANTE

CONVOCATORIA	DATA CONTROL
ENTIDADE	C.I.F.
PROVINCIA	
REPRESENTANTE	N.I.F.

2.-DENOMINACIÓN E DESCRIPCIÓN DA INTERVENCIÓN OBXECTO DA SOLICITUDE

3.- LUGAR DE EXECUCIÓN

Este apartado cumprimentarase cando a intervención pola que se solicita a subvención se execute en un ou varios lugares de execución.

	PROVINCIA	MUNICIPIO	LOCALIDADE	DOMICILIO SOCIAL	CODIGO POSTAL	REFERENCIA SIGPAC
1						
2						
3						
4						

A inserción dunha fotografía será obrigatoria, a excepción daqueles proxectos que por causas xustificadas (p.e.:INTAXIBILIDADE) fora imposible a realización da mesma.

En.....a.....de.....de.....as:

Técnico

O Interesado (se procede)

Asdo.:

Asdo.

